

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN  
“ORGANIZACIÓN DE  
PRODUTORES PESQUEIROS DE  
NOIA”  
(OPP-NOIA)**


CONTIDO:

CAPÍTULO I .....	4
DA ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES EN XERAL .....	4
Artigo 1. Denominación e natureza .....	4
Artigo 2. Personalidade e capacidade .....	4
Artigo 3. Domicilio .....	4
Artigo 4. Ámbito de actuación .....	4
Artigo 5. Duración .....	4
Artigo 6. Fins .....	4
CAPÍTULO II .....	6
DAS PERSOAS ASOCIADAS .....	6
Artigo 7. Requisitos .....	6
Artigo 8. Clases de persoas asociadas .....	6
Artigo 9. Perda da condición de persoa asociada .....	7
Artigo 10. Dereitos .....	7
Artigo 11. Obrigas .....	8
CAPÍTULO III .....	8
DOS ÓRGANOS DA ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES .....	8
Artigo 12. Organización da Organización de Produtores .....	8
Artigo 13. Asemblea xeral .....	8
Artigo 14. Reunións: clases e convocatoria .....	8
Artigo 15. Constitución e quórum de convocatoria .....	8
Artigo 16. Facultades da asemblea xeral ordinaria .....	9
Artigo 17. Facultades da asemblea xeral extraordinaria .....	9
Artigo 18. Adopción de acordos .....	9
Artigo 19. A xunta directiva: Composición .....	10
Artigo 20. Reunións e acordos .....	10
Artigo 21. Facultades da xunta directiva .....	11
Artigo 22. Obrigas documentais .....	11
Artigo 23. Presidente/a .....	12
Artigo 24. Vicepresidente/a .....	12
Artigo 25. Secretario/a .....	12
Artigo 26. Tesoureiro/a .....	12
Artigo 27. Vogais .....	12
CAPÍTULO IV .....	13
DO PERSOAL DA ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES .....	13

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN:  
“ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS DE NOIA” (OPPNOIA)**

---

Artigo 28. Persoal da Organización de Produtores.....	13
CAPÍTULO V.....	13
RÉXIME DISCIPLINARIO .....	13
Artigo 29. Faltas e Sancións. ....	13
CAPÍTULO VI.....	14
RÉXIME ECONÓMICO .....	14
Artigo 30. Patrimonio inicial.....	14
Artigo 31. Recursos económicos.....	14
Artigo 32. Contas anuais.....	14
Artigo 33. Destino de ingresos a fins da Organización de Productores .....	15
CAPÍTULO VII.....	15
Artigo 34. Regulamento de réxime interno .....	15
CAPÍTULO VIII.....	15
DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES.....	15
Artigo 35. Disolución .....	15
Artigo 36. Liquidación.....	15



## CAPÍTULO I DA ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES EN XERAL

### **Artigo 1. Denominación e natureza**

Coa denominación de “ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS DE NOIA-OPPNOIA”, constitúese unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de Asociación e demais lexislación aplicable.

Rixerase así mesmo pola lexislación que regula as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, segundo o establecido no Regulamento (UE) n.º 1379/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro, polo que se establece a Organización común de mercados no sector dos produtos da pesca e da acuicultura e o Real Decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura, así como a lexislación e regulamentacións que a modifique, complemente ou substitúa.

A Asociación (en diante, a "Organización de Produtores") rexerase polos presentes estatutos e polos acordos validamente adoptados polos seus órganos de goberno, en canto non se opoñan ás disposicións legais referenciadas.

### **Artigo 2. Personalidade e capacidade**

A Organización de Produtores constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, podendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxección ao establecido no ordenamento xurídico.

### **Artigo 3. Domicilio**

A Organización de Produtores establece o seu domicilio social na rúa republica Argentina 21, baixo, planta baixa ezquerda, localidade Noia, C.P. 15200, concello Noia, teléfono 981 820200, correo electrónico [opprianoia@gmail.com](mailto:opprianoia@gmail.com)

### **Artigo 4. Ámbito de actuación**

O ámbito territorial no que a Organización de Produtores vai a desenvolver as súas actividades é AUTONÓMICO, do sector da PESCA e segmento de MARISQUEO. A Organización de Produtores é de carácter profesional e voluntaria. Os membros da OPP só poderán ser produtores profesionais que asuman o risco e ventura da actividade<sup>1</sup>, con embarcacións de porto base en Noia ou permex de a pé da Confraría de Noia.

### **Artigo 5. Duración**

A Organización de Produtores constitúese por tempo indefinido e rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

### **Artigo 6. Fins**

1. Os fins da Organización de Produtores serán os establecidos no artigo 7 do Regulamento (UE) nº 1379/2013 do 11 de decembro de 2013 polo que se establece a organización común de mercados no sector dos produtos da pesca, en diante OCM que son os seguintes:

---

<sup>1</sup> Conforme ao establecido no artigo 2.4 a) 4º do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura.

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN:  
"ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS DE NOIA" (OPPNOIA)**

- a) Fomentar o exercicio, por parte dos seus membros, de actividades pesqueiras viables e sostenibles, cumplindo plenamente a política de conservación establecida, en particular, no Regulamento (UE) nº 1380/2013 e en legislación ambiental, respectando ao mesmo tempo a política social e, cando o Estado membro interesado así o dispoña, participando na xestión dos recursos biolóxicos mariños,
- b) Evitar e reducir na medida do posible as capturas non desexadas de poboacións comerciais e, cando sexa necesario, facer o mellor uso das devanditas capturas, sen crear un mercado para aquelas que estean por baixo das tallas mínimas de referencia para a conservación, con arranxo ao artigo 15 do Regulamento (UE) nº 1380/2013,
- c) Contribuír á rastrexabilidade dos produtos da pesca e o acceso a información clara e completa para os consumidores,
- d) Contribuír á eliminación da pesca ilegal, non declarada e non regulamentada,
- e) Mellorar as condicións de introdución no mercado dos produtos da pesca e da acuicultura dos seus membros,
- f) Aumentar a rendibilidade económica,
- g) Estabilizar os mercados,
- h) Contribuír ao abastecemento de alimentos e promover elevadas normas de calidade e seguridade alimentarias, e contribuír ao emprego nas zonas costeiras e rurais,
- i) Reducir o impacto ambiental da pesca, incluíndo medidas para mellorar a selectividade das artes de pesca.

2. Para levar a cabo os seus fins, a Organización de Produtores poderá desenvolver, entre outras, as seguintes medidas recollidas no artigo 8 do regulamento OCM:

- a) axuste da produción ás esixencias do mercado,
- b) canalización da oferta e a comercialización dos produtos dos seus membros,
- c) promoción dos produtos da pesca e da acuicultura dos seus membros de maneira non discriminatoria, por exemplo aproveitando a certificación de produto e, en particular, as denominacións de orixe, os selos de calidade, as indicacións xeográficas, as especialidades tradicionais garantidas e as vantaxes desde o punto de vista da sustentabilidade,
- d) control e adopción de medidas para garantir que as actividades dos seus membros cumplan as normas establecidas pola organización de produtores interesada,
- e) fomento de programas de formación profesional e cooperación a fin de animar aos mozos para entrar no sector,
- f) redución do impacto ambiental da pesca, incluíndo medidas para mellorar a selectividade das artes de pesca,
- g) fomento do uso das tecnoloxías da información e a comunicación para mellorala comercialización e os prezos,
- h) facilitación do acceso dos consumidores á información relativa aos produtos da pesca e a acuicultura.

Poderán así mesmo aplicar as medidas seguintes:

- i) planificación e xestión colectivas das actividades de pesca dos seus membros, suxeitas á organización polos Estados membros da xestión dos recursos biolóxicos mariños, incluíndo o desenvolvemento e a aplicación de medidas para mellorar a selectividade da actividade pesqueira e asesorar ás autoridades competentes nacionais,
- j) evitar e reducir ao mínimo as capturas non desexadas mediante a participación no desenvolvemento e aplicación de medidas técnicas e aproveitando ao máximo as

capturas non desexadas de poboacións comerciais sen crear un mercado para aquelas capturas que estean por baixo das tallas mínimas de referencia para a conservación, de conformidade co artigo 15, apartado 11, do Regulamento (UE) 1380/2013, sobre a Política Pesqueira Común (PPC)

- k) xestión do almacenamento temporal de produtos da pesca, de conformidade cos artigos 30 e 31 do Regulamento OCM.

No cumprimento dos seus obxectivos, a Organización de Produtores non adoptará acordos nin levará a cabo prácticas que teñan por obxecto impedir, restrinxir ou falsear o xogo da competencia dentro do mercado interior e, en particular, os que consistan en:

- a) fixar directa ou indirectamente os prezos de compra ou de venda ou outras condicións de transacción;
- b) limitar ou controlar a producción, o mercado, o desenvolvemento técnico ou os investimentos;
- c) repartirse os mercados ou as fontes de abastecemento;
- d) subordinar a celebración de contratos á aceptación, polos outros contratantes, de prestacións suplementarias que, pola súa natureza ou segundo os usos mercantís, non garden relación algúns co obxecto dos devanditos contratos.

Con todo, o disposto no parágrafo anterior non se aplicará aos acordos, decisións e prácticas da Organización de Produtores que afecten á producción ou venda dos produtos da pesca que:

- a) sexan necesarios para alcanzar os obxectivos establecidos no artigo 39 do TFUE,
- b) non impliquen a obligación de cobrar prezos idénticos,
- c) non entrañen de ningún xeito unha compartimentación dos mercados dentro da Unión,
- d) non exclúan a competencia.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ó cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

## CAPÍTULO II DAS PERSOAS ASOCIADAS

### Artigo 7. Requisitos

1. Para adquirir a condición de persona asociada requírese ser persoa física ou xurídica e ter interese no desenvolvemento dos fins da Organización de Produtores.
2. As persoas físicas deben ser maiores de idade ou menores emancipadas con capacidade de obrar e non estar suxeitas a inhabilitación ou condición legal para o exercicio do dereito..
4. As persoas xurídicas de natureza associativa requirirán o acordo expreso do seu órgano competente.

### Artigo 8. Clases de persoas asociadas

Dentro da Organización de Produtores poderán existir as seguintes clases de persoas asociadas:

- a) Fundadoras, aquellas que subscribiron a acta fundacional.
- b) De número, aquellas que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional.

- c) De honra, aquelas que, polos seus méritos persoais ou profesionais ou por ter contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da Organización de Produtores, sexan nomeadas pola asemblea xeral.

#### Artigo 9. Perda da condición de persoa asociada

1. A condición de persoa asociada pérdece:

- a) Por vontade propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a xunta directiva e dirixida a secretaría da Organización de Produtores. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación. A renuncia á condición de membro comunicárselle por escrito cunha antelación de polo menos catro meses á data efectiva de baixa, tras ter permanecido en alta, cando menos, un (1) ano natural desde a súa data de admisión. En caso de non comunicalo en prazo citado, o socio manterá a súa condición, sen poder ingresar nunha nova Organización de Produtores Pesqueiros ata que transcorra o dito prazo de aviso previo<sup>2</sup>.
- b) Por falta de pagamento de 1 cota, que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola xunta directiva, a persoa interesada. A persoa que perdece a súa condición de asociada polo suposto sinalado no apartado anterior, poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se no prazo de seis meses desde a notificación abonase as cotas pendentes de pago.
- c) Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da Organización de Produtores, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da Organización de Produtores.
- d) Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2.- A expulsión de persoas asociadas nos supostos dos apartados b) e c) do parágrafo anterior, será acordada pola xunta directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola asemblea xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdicción ordinaria.

#### Artigo 10. Dereitos

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da Organización de Produtores e utilizar os bens e instalacións de uso común da Organización de Produtores, con respecto a igual dereito do resto dos socios.
- b) Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno.
- c) Participar nas asembleas con voz e voto.
- d) Recibir información da composición dos órganos de representación da Organización de Produtores, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- e) Acceder á documentación da Organización de Produtores a través dos órganos de representación.
- f) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impónha a sanción.

<sup>2</sup> Artigo 3.2. do Real decreto 277/2016, do 24 de xuño, polo que se regulan as organizacións profesionais no sector dos produtos da pesca e da acuicultura

- g) Impugnar os acordos dos órganos da Organización de Produtores que estime contrarios á lei ou ós estatutos.
2. Non poderán exercer o dereito de sufraxio activo e pasivo as persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais.
3. As persoas asociadas de honra non intervirán na dirección da Organización de Produtores nin nos órganos de representación desta; poderán asistir ás asembleas con voz, pero sen voto; e estarán exentas de obrigas.

#### **Artigo 11. Obrigas**

Son obrigas das persoas asociadas:

- a) Cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos de governo e representación da Organización de Produtores.
- b) Pagar as cotas que de conformidade cos estatutos, se establezan.
- c) Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para as que foron elixidas.
- d) Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola Organización de Produtores.

### **CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES**

#### **Artigo 12. Organización da Organización de Produtores**

O órgano de governo da Organización de Produtores é a asemblea xeral e o órgano de representación é a xunta directiva, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

#### **Artigo 13. Asemblea xeral**

A asemblea xeral é o órgano supremo de governo da Organización de Produtores e está integrada por todas as persoas asociadas.

#### **Artigo 14. Reunións: clases e convocatoria**

1. As reunións da asemblea xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias.  
A reunión ordinaria celebrarase como mínimo unha vez o ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico.  
As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, cantas veces o acorde a xunta directiva ou cando o soliciten por escrito o 10% das persoas asociadas.
2. As convocatorias realizaranse por escrito sinalando o lugar, día e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea en primeira convocatoria debe mediar como mínimo un prazo de quince días naturais.
3. A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas asociadas na secretaría da Organización de Produtores, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da asemblea.

#### **Artigo 15. Constitución e quórum de convocatoria**

As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas presentes ou

representadas, na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con derecho a voto. En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

A asemblea Xeral poderase convocar, constituír, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial ou a distancia.

Nas sesións que se celebren a distancia, as persoas participantes poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose como tales os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre elas en tempo real e a disponibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Nas reunión a distancia, os acordos entenderanse adoptados na sede da Organización de Produtores.

#### **Artigo 16. Facultades da asemblea xeral ordinaria**

Serán competencias da asemblea xeral ordinaria:

- a) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- b) Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.
- c) Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da xunta directiva.
- d) Elixir e cesar as persoas integrantes da xunta directiva.
- e) Aprobar a incorporación ou separación a unha Organización de Produtores de de organizácións de produtores pesqueiros (AOP) e as organizácións interprofesionais (OIP),
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública da Organización de Produtores.
- g) Aprobar o regulamento de réxime interno da Organización de Produtores.

#### **Artigo 17. Facultades da asemblea xeral extraordinaria**

Serán competencias da asemblea xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da Organización de Produtores, incluído o cambio de domicilio.
- b) Acordar a transformación da Organización de Produtores.
- c) Acordar a fusión da Organización de Produtores.
- d) Acordar a disolución da Organización de Produtores e designar as persoas liquidadoras.
- e) As que sendo competencia da asemblea xeral ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.
- f) Tódalas non conferidas expresamente á asemblea xeral ordinaria ou a xunta directiva.

#### **Artigo 18. Adopción de acordos**

1. Os acordos da asemblea xeral adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estos efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

2. Será necesaria a mayoría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade das persoas presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos:

- a) Designación de membros da xunta directiva
- b) Acordo para constituir federacións e para integrarse ou separarse delas
- c) Disolución da Organización de Produtores.
- d) Modificación dos estatutos, incluído o cambio de domicilio social.
- e) Disposición ou alleamento de bens.
- f) Remuneración das persoas que integran os órganos de representación.

3. Os acordos adoptados conforme ós preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso as non asistentes.

#### **Artigo 19. A xunta directiva: Composición**

1. A xunta directiva é o órgano de representación que xestionan e representa os intereses da Organización de Produtores de acordo coas disposicións e directivas da asemblea xeral. Estará formada por: Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e 17 Vogais, designados pola asemblea xeral entre as persoas asociadas maiores de idade, en pleno uso dos seus dereitos civís que non estean incursas en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.

2. A duración do seu mandato será de 4 anos, podendo ser obxecto de sucesivas reeleccións.

3. Os cargos que componen a xunta directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo dodereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificados en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa Organización de Produtores.

4. Os cargos da xunta directiva cesarán na súa función por:

- a) Morte ou declaración de falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica
- b) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico
- c) Resolución xudicial.
- d) Renuncia voluntaria.
- e) Perda da condición de persoa asociada.
- f) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
- g) Transcurso do período do seu mandato. Neste caso e en tanto non se proceda á elección da nova xunta directiva, aquela continuarán en funcións ata a designación das novas persoas titulares.

5. De producirse vacantes na xunta directiva, estas serán desempeñadas provisoriamente polas restantes persoas integrantes, ata a elección definitiva pola asemblea xeral.

#### **Artigo 20. Reunións e acordos**

1. A xunta directiva será convocada pola presidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.

2. Para estar validamente constituída deberán estar presentes, a metade máis un dos seus membros e, en todo caso, as persoas titulares da presidencia e a secretaría ou as persoas que as substitúan.

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN:  
“ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS DE NOIA” (OPPNOIA)**

3. Para que os acordos da xunta directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola mayoría de votos das asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade da Presidencia.

4. A xunta directiva poderase convocar, constituir, celebrar as súas sesións e adoptar acordos de forma presencial ou a distancia.

Nas sesións que se celebren a distancia, as persoas titulares da xunta directiva poderán encontrarse en distintos lugares sempre que se asegure por medios electrónicos, considerándose como tales os telefónicos e audiovisuais, a súa identidade, o contido das súas manifestacións, o momento en que estas se producen, así como a interactividade e intercomunicación entre elas en tempo real e a disponibilidade dos medios durante a sesión. Entre outros, consideraranse incluídos entre os medios electrónicos válidos o correo electrónico, as audioconferencias e as videoconferencias.

Nas reunións a distancia, os acordos entenderanse adoptados na sede da Organización de Produtores.

**Artigo 21. Facultades da xunta directiva**

A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas
- b) Levar a xestión administrativa e económica da Organización de Produtores.
- c) Executar os acordos da asemblea.
- d) Someter á aprobación da asemblea xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- e) Convocar e fixar as datas das asembleas.
- f) Propoñerlle á asemblea xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.
- g) Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da Organización de Produtores.
- h) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á asemblea xeral.
- i) Resolver as solicitudes de ingreso das persoas asociadas.
- j) Propoñer o plan de actividades da Organización de Produtores á asemblea xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- k) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

**Artigo 22. Obrigas documentais**

A Organización de Produtores disporá dos seguintes documentos, que estarán a disposición de todas as persoas asociadas:

- a) Unha relación actualizada de persoas asociadas.
- b) Documentación contable que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.
- c) Inventario dos seus bens.
- d) Libro de actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.

**Artigo 23. Presidente/a**

A persoa titular da presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á Organización de Produtores perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a xunta directiva e a asemblea xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos.
- c) Ordenar a execución dos acordos adoptados pola xunta directiva e a asemblea xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da Organización de Produtores xunto coa persoa que ostenta a secretaría ou membro da xunta directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

**Artigo 24. Vicepresidente/a**

A persoa titular da vicepresidencia realizará as funcións da presidencia nos casos de ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da Organización de Produtores nos supostos en que así se acorde pola xunta directiva ou pola asemblea xeral.

**Artigo 25. Secretario/a**

1. A persoa titular da secretaría terá as seguintes atribucións:

- a) Tramitar as solicitudes de ingreso na Organización de Produtores e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.
- b) Dirixir as actividades sociais e a administración da Organización de Produtores.
- c) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes.
- d) Expedir certificacións dos acordos co visto e prace da presidencia, así como emitir informes.
- e) Redactar o inventario de bens da Organización de Produtores.
- f) Custodia do arquivo de libros e documentos da Organización de Produtores.
- g) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.

2. A persoa titular da secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da xunta directiva designado pola Presidencia.

**Artigo 26. Tesoureiro/a**

1. A persoa titular da tesourería terá as seguintes atribucións:

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á Organización de Produtores, custodialos e investilos na forma acordada pola xunta directiva e a asemblea xeral.
- b) Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e conforme da presidencia.
- c) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a presidencia.
- d) Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación.
- e) Levar os libros de contabilidade da Organización de Produtores e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola asemblea.
- f) Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico financeira da Organización de Produtores.

**Artigo 27. Vogais**

Terán as obrigas propias do seu cargo, e aquelas que lles sexan encomendadas, tales como realizar programas e estudos con carácter xeral ou en áreas de actuación determinadas.

## CAPÍTULO IV DO PERSOAL DA ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES

### Artigo 28. Persoal da Organización de Produtores

A Organización de Produtores, con obxecto de dar cumprimento ao artigo 2.7. do RD 277/2016 deberá dotarse de persoal laboral propio. As funcións que desenvolva serán as determinadas pola Xunta Directiva no contrato laboral, de conformidade coas disposicións de carácter xeral e a normativa laboral de aplicación.

Como mínimo deberá incluír a figura dun/dunha xerente, director/a ou outra figura similar con capacidade de decisión, contratado pola OPP a tempo completo ou parcial que asuma a responsabilidade da planificación e execución dos Plans de Producción e Comercialización.

## CAPÍTULO V RÉXIME DISCIPLINARIO

### Artigo 29. Faltas e Sancións.

A xunta directiva, e a asemblea no seu caso, tomarán as medidas necesarias para sancionar os comportamentos que non respecten os presentes estatutos e os acordos adoptados pola asemblea xeral.

As infraccións clasíficanse por importancia ou transcendencia en Leves, Graves e Moi Graves. Serán sancionadas, atendendo á natureza da infracción, con apercibimento, multa, suspensión temporal da Organización de produtores ou baixa definitiva.

1. Faltas: Clasificación por importancia ou transcendencia:

a) Leves:

- As inexactitudes nas declaracóns, na información e nos datos que deben facilitar os asociados a requerimento da Organización de Produtores.
- A falta de asistencia non xustificada aos actos organizados pola Organización de Produtores.
- Dificultar os controis da Organización.
- A perturbación da orde nas reunións

b) Graves:

- Incumplir a obrigación de remitir a información que necesita a Organización.
- Impedir os controis da Organización de Produtores sobre as normas establecidas e os acordos adoptados.
- Falta de pagamento das súas obligacións económicas.
- A sucesión de tres (3) faltas leves en menos dun ano

c) Moi graves:

- Acumulación de (3) faltas graves nun ano.
- Incumplimento das súas obligacións de pago, de forma reiterada. Incumplir de forma notoria acordos aprobados pola Asemblea xeral.

- uso indebido da marca, logotipo ou calquera outra sinal identificativa da Organización de Produtores, así como os actos que poidan significar un desprestixio para a Organización de Produtores.
- Desenvolver unha actuación prexudicial e grave para os intereses da Organización.

**2. Sancións: Aplicaranse en función da gravidade da falta.**

**a) Faltas Leves:**

- Apercibimento por escrito.
- Sanción económica fixada pola Xunta Directiva, Contía da sanción entre 50 e 150€.

**b) Faltas Graves:**

- Apercibimento de expulsión.
- Suspensión temporal da calidade de asociado.
- Sanción económica fixada pola Xunta Directiva. Contía da sanción entre 151 e 500€

**c) Faltas Moi Graves:**

- Sanción económica imposta pola Xunta Directiva, superior a 501€.
- Retirada da súa calidade de asociado, a decisión da Asemblea Xeral da Organización.

## **CAPÍTULO VI RÉXIME ECONÓMICO**

**Artigo 30. Patrimonio inicial**

A Organización de Produtores no momento de iniciar as súas actividades carece de patrimonio. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural, e terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

**Artigo 31. Recursos económicos**

A Organización de Produtores manterase dos seguintes recursos:

- a) As cotas periódicas das persoas asociadas.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a xunta directiva e sexan aprobadas pola asemblea xeral.
- c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da Organización de Produtores.
- e) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

**Artigo 32. Contas anuais**

1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da Organización de Produtores, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a súa aprobación en asemblea.

2. A Xunta directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da Organización de Produtores.

#### **Artigo 33. Destino de ingresos a fins da Organización de Produtores**

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da Organización de Produtores. En ningún caso, estes beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

### **CAPÍTULO VII DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO**

#### **Artigo 34. Regulamento de réxime interno**

Por acordo da asemblea xeral pode aprobase un regulamento de réxime interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos. O funcionamento interno da Organización de Produtores estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

### **CAPÍTULO VIII DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES**

#### **Artigo 35. Disolución**

A Organización de Produtores disolverase polas seguintes causas:

- Por acordo adoptado por maioría cualificada en asemblea xeral extraordinaria.
- Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- Por sentenza xudicial firme.
- Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

#### **Artigo 36. Liquidación**

1. Acordada a disolución da Organización de Produtores, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa personalidade xurídica.

2. As persoas membros da xunta directiva no momento da disolución convértense en liquidadoras, salvo designación expresa de liquidadoras pola asemblea xeral ou por autoridade competente.

3. Corresponde as persoas liquidadoras:

- Velar pola integridade do patrimonio da Organización de Produtores.
- Concluír as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
- Cobrar os créditos da Organización de Produtores.
- Liquidar o patrimonio e pagar as persoas acreedoras.
- Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.
- Solicitar a baixa da Organización de Produtores e cancelación de asentos rexistrais.

4. Á solicitude de inscrición da disolución da Organización de Produtores no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.

#### **DISPOSICIÓN ADICIONAL**

**ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN:  
“ORGANIZACIÓN DE PRODUTORES PESQUEIROS DE NOIA” (OPPNOIA)**

---

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos se aplicará a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

En Noia, a 19 de Xuño de 2023

(Sinatura de todas as persoas promotoras da Organización de Produtores)